

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE MAIO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/2083/2007.- Urbanizadora Ibis, S. L.- Modificación da licenza concedida na Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2.008, para construción dun edificio para 27 vivendas, garaxes e trasteiros nos bloques nº 2 e 3 da parcela 2 do PERI-5 de San Lázaro, consistente no cambio de uso das vivendas para oficinas.

Lic/2382/2008.- Ramón Martínez Ramos.- Construción auxiliar destinada a garaxe, anexo da vivenda unifamiliar existente, na rúa da Vesada nº 20 e modificación das rasantes da parcela.

Lic/2425/2008.- José Alvaro Sobrino Balsa.- Vivenda unifamiliar illada no lugar de O Romáño.

Lic/831/2008.- Manuel Fernández Benito.- Vivenda unifamiliar illada no lugar de O Queiroal.

Lic/1242/2008.- Amable Cotón Albor.- Vivenda unifamiliar no lugar de Sabugueira – Sionlla.

Lic/892/2008.- Yagocasa, Sociedade Cooperativa Galega.- Construción de 67 vivendas pareadas no SUNP-25 de Roxos. (POR URXENCIA)

PARCELACIÓNS.-

Lic/1121/2008.- Rios Sánchez e Hijos Promociones, S. L.- Parcelación urbanística da parcela co nº 82 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Santa María de Vilvestro no sitio de Súa Ventana (+)

REXEITAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON ANTONIO VÁZQUEZ FERNÁNDEZ E DECLARAR A CADUCIDADE DA LICENZA CONCEDIDA POR ACORDO DA COMISIÓN MUNICIPAL PERMANENTE DO 13 DE XULLO DE 1.982, para construción dunha casa de baixo, piso e catro fachadas no terreo situado no lugar de Sarela de Arriba e o posterior acordo da Comisión de Goberno de 4 de maio de 1.992, polo que se legalizan as modificacións executadas na realización da obra, por ter transcurrido con creces os prazos concedidos para a súa execución, non sendo posible conceder unha nova prórroga de licenza.

SUBSANACION DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24 DE MARZO DE 2.009.

Lic/73/2009.- María López Botana.- Parcelación urbanística da parcela sita en Son de Abaixo nº 43.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

965/2009.- Juan Carlos Caamaño Vilar.- Expte. Lic/1850/04 1.500 €.-

929/2009.- José Enrique Barcia Millan.- Expte. Lic/71/2001 298.440 ptas (1.793,66 €)

APERTURAS.-

Lap/436/2007.- Manuel Isaac Castro Ferro.- Ampliación cafetería-restaurante na rúa da Acibechería nº 5. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á de Xustiza.

OCIHR

LICENZAS.-

FAVORABLES

LIC/670/2007.- DNA. MARÍA DE LA SOLEDAD PUIG OTERO.- Rehabilitación de edificio para catro vivendas en rúa Castrón Douro nº 9.

LIC/997/2008.- ACTIVIDADES INMOBILIARIAS VAAMONDE Y SÁNCHEZ SL.- Rehabilitación interior de edificio en rúa Rodas, 24

MODIFICACIÓN DA LICENZA.

LIC/179/2007.- D. DOMINGO POSE REBOREDO- Modificación da licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Poza de Bar, 46

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para comedor escolar por importe de 2.057,86 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á actualización do prezo máximo de venda das futuras vivendas a executar nos soares pendentes de edificar na zona residencial provenientes de uso de apartoteis, no SUNP-17 do Paxonal.

Acórdase establecer para o ano 2009 o prezo máximo de venda do metro cadrado construído de vivenda en 1.840,14 euros das novas vivendas a construír naquelas parcelas merecedoras de variación no uso de apartoteis a residencial no ámbito do SUNP-17. No relativo ás prazas de garaxe, faiados e demais anexos á vivenda límitase o seu prezo máximo de venda por metro cadrado construído no 60% do prezo sinalado para as vivendas.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección de erro no Proxecto de expropiación do saneamento da Conca do Río Aríns.

Corríxese o erro relativo a un apelido.

8.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á designación de arquitecto supervisor das obras contidas no proxecto básico e de execución e restauración da Antiga Calzada Real de Sar.

Noméase a Enrique Seoane Prado como arquitecto supervisor das devanditas obras.

9.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do Proxecto básico e de execución de instalación de alumeado ornamental da Alameda de Santiago de Compostela, e designación de arquitecto supervisor das obras.

Apróbase o proxecto básico e de execución de instalación de alumeado ornamental da Alameda; dáse traslado ao Consorcio do informe técnico; e noméase arquitecto supervisor das obras a Enrique Seoane Prado.

10 a 30.- Proposta da concelleira-delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, beneficios fiscais no lixo, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana,

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

31.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de bonificación na taxa por rodaxe cinematográfica a unha empresa.

Concédense unha bonificación do 50% á empresa TIC TAC PRODUCCIONES, SL para unha rodaxe cinematográfica.

32.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga do contrato do servizo de coordinación e dinamización dos espazos de lectura e xogo, dinamización por medio de obradoiros e animación de aulas e espazos integrados na rede sociocultural municipal.

Apróbase a prórroga do actual contrato coa empresa ARASTI BARCA ata que remate o proceso de contratación, feito que debería producirse antes do 31 de outubro deste ano.

33.- Adxudicación da contratación do subministro de licenzas de renovación do software de tratamento cartográfico.

Adxudícase o subministro de licenzas de renovación do software de tratamento cartográfico á empresa BENTLEY por importe de 12.788,51 euros.

34.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención polo Instituto Nacional de Administración Pública.

Dáse conta á Xunta de Goberno da concesión por parte do Instituto Nacional de Administración Pública de 23.431 euros en concepto de subvención para o financiamento do Plan de Formación Continua 2009.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á reserva da parcela DM-1 do SUNP 14 Tras Paxonal para implantar o Centro de día e ocupación para persoas con dano cerebral adquirido, e inicio do expdte para outorgar unha concesión demanial sobre ela.

Acórdase reservar por un ano a devandita parcela para a implantación deste centro e iniciar o expediente para outorgar á Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela", polo prazo de 30 anos prorrogables e ata un máximo de 75 anos, unha concesión demanial sobre a citada parcela DM-1 (de 800 metros cadrados).

2.- Adxudicación definitiva do servizo de explotación do Centro de coñecemento do médio rural de Portela.

Adxudícase definitivamente o devandito servizo á empresa FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN), por importe de 59.200 euros máis IVE.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica de Emprego relativa ao nomeamento de dous funcionarios interinos para titorización de prácticas e acompañamento á inserción do mercado de traballo de usuários do PROXECTO PERSOA.

Apróbase o devandito nomeamento por un período de cinco meses.

4.- Dar conta da concesión dunha subvención para accións formativas para desempregados. (Plan AFD).

Dáse conta da concesión pola Consellería de Traballo dunha subvención de 406.966,59 euros para cinco accións formativas.